

Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 10/06/2015

Na vila de Vimianzo, ás trece horas e trinta e tres minutos do día dez de xuño de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a M^a Dulzura Quintáns Fidalgo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Esta sesión de carácter extraordinario ten lugar para dar cumprimento ó establecido no artigo 36.1 do ROF, aprobado por R.D. 2568/86, do 28 de novembro, ós efectos únicos de aprobar as actas das sesións anteriores pendentes de aprobación.

O alcalde dalle a palabra á secretaria para que lembre unhas cuestións relevantes con motivo do cambio de Corporación.

A secretaria lembra aos Sres. Concelleiros da necesidade de presentar as declaracións de intereses, tanto para os cesantes como para os que toman posesión novamente o día 13 de xuño. Lembra que estes últimos tamén deben presentar diante da Secretaría da Corporación o orixinal da credencial, a efectos do seu cotexo. Indica que así se lles fixo saber mediante comunicación a semana pasada, e o motivo de facer este recordatorio hoxe é que non tódolos concelleiros cumpriron esa obriga.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2015.


En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2015, ao non formularse observacións.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dez de xuño de dous mil quince.

O ALCALDE



A SECRETARIA

